

Nome científico	Denominación común	Protocolo da OCVV
Cucumis melo L.	Melón.	TP 104/2 do 21.3.2007.
Cucumis sativus L.	Cogombro e cogombríño.	TP 61/2 do 13.3.2008.
Cucurbita pepo L.	Cabaciña.	TP 119/1 do 25.3.2004.
Cynara cardunculus L.	Alcachofa e cardo.	TP 184/1 do 25.3.2004.
Daucus carota L.	Cenoria de mesa e cenoria forraxeira.	TP 49/3 do 13.3.2008.
Foeniculum vulgare Mill.	Fiúncho.	TP 183/1 do 25.3.2004.
Lactuca sativa L.	Leituga.	TP 13/3 do 21.3.2007.
Lycopersicon lycopersicum.	Tomate.	TP 44/3 do 21.3.2007.
Petroselinum crispum (Mill.). Nyman ex A. W. Hill.	Perexil.	TP 136/1 do 21.3.2007.
Phaseolus coccineus L.	Feixón escarlata.	TP 9/1 do 21.3.2007.
Phaseolus vulgaris L.	Feixón de mata baixa e feixón de enrame.	TP 12/2 do 1.12.2005.
Pisum sativum L. (partim).	Chícharo de gran rugoso, chícharo de gran liso redondo e chícharo cometodo.	TP 07/1 do 6.11.2003.
Raphanus sativus L.	Ravo e raviño.	TP 64/1 do 27.3.2002.
Solanum melongena L.	Berenxena.	TP 117/1 do 13.3.2008.
Spinacia oleracea L.	Espinacas.	TP 55/2 do 13.3.2008.
Valerianella locusta (L.) Laterr.	Valerianela.	TP 75/2 do 21.3.2007.
Vicia faba L. (partim).	Faba (fabón).	TP Broadbean/1 do 25.3.2004.
Zea mays L. (partim).	Millo doce e millo para estourar.	TP 2/2 do 15.11.2001.

O texto destes protocolos pódese consultar na web da OCVV (www.cpvo.europa.eu).

ANEXO F

LISTA DE ESPECIES INCLUÍDAS NO ARTIGO 1, NÚMERO 2, LETRA B) QUE DEBEN CUMPRIR AS DIRECTRICES DE EXAME DA UPOV

Nome científico	Denominación común	Directriz da UPOV
Allium fistulosum L.	Ceboliña.	TG/161/3 do 1.4.1998.
Allium schoenoprasum L.	Ceboliño.	TG/198/1 do 9.4.2003.
Beta vulgaris L.	Acelga.	TG/106/4 do 31.3.2004.
Beta vulgaris L.	Remolacha de mesa.	TG/60/7 do 9.4.2008.
Brassica oleracea L.	Col forraxeira ou verza.	TG/90/6 do 31.3.2004.
Brassica rapa L.	Nabo.	TG/37/10 do 4.4.2001.
Cichorium intybus L.	Chicoria común ou italiana.	TG/154/3 do 18.10.1996.
Cucurbita maxima Duchesne.	Cabaza.	TG/155/4 do 28.3.2007.
Raphanus sativus L.	Ravo de inverno ou ravo negro.	TG/63/6 do 24.3.1999.
Rheum rhabarbarum L.	Ruibarbo.	TG/62/6 do 24.3.1999.
Scorzonera hispanica L.	Escorzona.	TG/116/3 do 21.10.1988.

O texto destas directrices pódese consultar na web da UPOV (www.upov.int).

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

18149 *REAL DECRETO 1800/2008, do 3 de novembro, polo que se desenvolve o Real decreto lei 4/2008, do 19 de setembro, sobre aboamento acumulado e de forma anticipada da prestación contributiva por desemprego a traballadores estranxeiros non comunitarios que retornen voluntariamente aos seus países de orixe. («BOE» 272, do 11-11-2008.)*

O Real decreto lei 4/2008, do 19 de setembro, estableceu unha modalidade de pagamento acumulado e anticipado da prestación contributiva por desemprego en favor dos traballadores estranxeiros non comunitarios que, de forma voluntaria, retornen aos seus países de orixe e acrediten o cumprimento dos requisitos e condicións que se establecen no devandito real decreto lei, así como os

que se poidan establecer nas normas que se diten en desenvolvemento deste.

Para facer plenamente operativa a aplicación do citado real decreto lei é necesario proceder ao seu desenvolvemento regulamentario. Pois ben, esta é precisamente a finalidade deste real decreto, que se dita facendo uso da habilitación concedida na disposición derradeira segunda do mencionado real decreto lei. Neste sentido, este real decreto vén concretar e establecer, se é o caso, os requisitos e condicións que deben cumprir os beneficiarios da modalidade de pagamento da prestación contributiva por desemprego sinalada, así como establecer as necesarias normas de procedemento.

Por outra banda, este real decreto atopa amparo tamén, en relación coas disposicións que regulan aspectos relacionados coa situación dos traballadores estranxeiros non comunitarios que se acollan á modalidade de pagamento da prestación por desemprego que se establece nel, nas habilitacións, xenérica ou específicas, que se lle conceden ao Goberno na Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos

estranxeiros en España e a súa integración social, para o seu desenvolvemento regulamentario.

O Foro para a Integración Social dos Inmigrantes emitiu informe sobre este real decreto e consultáronse as organizacións sindicais e empresariais máis representativas.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Asuntos Exteriores e de Cooperación, do Interior, e de Traballo e Inmigración, coa aprobación previa da ministra de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 31 de outubro de 2008,

DISPÓN O:

Artigo 1. *Obxecto.*

O obxecto deste real decreto é o desenvolvemento das previsións contidas no Real decreto lei 4/2008, do 19 de setembro, sobre aboamento acumulado e de forma anticipada da prestación contributiva por desemprego a traballadores estranxeiros non comunitarios que retornen voluntariamente aos seus países de orixe.

Para os efectos da aplicación deste real decreto considérase país de orixe o que corresponda á nacionalidade do traballador.

Artigo 2. *Beneficiarios e requisitos.*

Poderán ser beneficiarios do aboamento da prestación contributiva por desemprego, na modalidade de pagamento acumulado e anticipado, os traballadores estranxeiros a que se refire o artigo único do Real decreto lei 4/2008, do 19 de setembro, que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Estar inscritos como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego correspondente.
- b) Encontrarse en situación legal de desemprego como consecuencia da extinción da relación laboral por algunha das causas previstas no artigo 208.1.1 do texto refundido do Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño.
- c) Ter recoñecido o dereito á prestación por desemprego de nivel contributivo, sen compatibilizalo cun traballo a tempo parcial.
- d) Asumir o compromiso de retornar ao seu país de orixe e o de non retornar a España no prazo de tres anos para residir e/ou realizar unha actividade lucrativa ou profesional por conta propia ou allea.
- e) Non estar incurso nos supostos de prohibición de saída do territorio nacional previstos na lexislación de estranxeiría. Para estes efectos o Servizo Público de Emprego Estatal deberá solicitar a oportuna información da Dirección Xeral da Policía e da Garda Civil, que deberá proporcionarse de forma inmediata.

Artigo 3. *Cumprimento dos compromisos asumidos polos traballadores.*

1. Para efectos do cumprimento, por parte dos beneficiarios da modalidade de pagamento acumulado e anticipado da prestación contributiva por desemprego, dos compromisos regulados no punto catro do artigo único do Real decreto lei 4/2008, do 19 de setembro, enténdese:

- a) O prazo de trinta días naturais para retornar ao país de orixe contarase a partir da data de realización do primeiro pagamento da prestación a que se refire o artigo 4.2 a).
- b) O prazo de tres anos de compromiso de non retorno a España empezará a contar se transcorridos

trinta días naturais a partir da data do primeiro pagamento a que se refire o artigo 4.2 a).

2. Transcorrido o período de tres anos indicado, os traballadores que tivesen residencia temporal, acollidos á modalidade de aboamento acumulado e anticipado da prestación contributiva por desemprego, poderán solicitar de novo as autorizacións administrativas para traballar e residir en España, de acordo co previsto na normativa vixente en materia de estranxeiría e inmigración. De igual modo, os interesados terán un dereito preferente para se incorporaren ao continxente de traballadores estranxeiros non comunitarios que aprobe o Goberno, sempre que acrediten os requisitos establecidos para iso na normativa vixente en materia de estranxeiría e inmigración, no correspondente acordo do Consello de Ministros e nas respectivas ofertas de emprego.

3. Os titulares de autorización de residencia temporal que sexan beneficiarios do aboamento acumulado e anticipado da prestación económica contributiva por desemprego, que regresen a España tras o cumprimento do seu compromiso de non retorno de acordo co previsto no parágrafo anterior, verán continuada a súa situación de residencia para os efectos do cálculo do prazo legal para obter, se for o caso, a residencia permanente, ben que non se computará nese cálculo o período de ausencia.

4. Así mesmo, os residentes permanentes beneficiarios do devandito aboamento acumulado e anticipado da prestación contributiva por desemprego que regresen a España tras a finalización do seu compromiso de non retorno, recuperarán a súa condición de residentes permanentes mediante un procedemento simplificado que se establecerá regulamentariamente.

Artigo 4. *Condicións e consecuencias do aboamento, acumulado e anticipado, da prestación.*

1. A determinación do aboamento acumulado e anticipado da prestación contributiva por desemprego rexeráse polo establecido no artigo único do Real decreto lei 4/2008, do 19 de setembro, e neste real decreto. No non previsto expresamente no citado real decreto lei e neste real decreto, terase en conta o disposto no título III do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño.

2. O aboamento acumulado e de forma anticipada do importe da prestación contributiva por desemprego realizarase en dous prazos, coas seguintes contías:

a) Un 40 por cento aboarase en España, unha vez recoñecido o dereito.

b) O 60 por cento restante aboarase no país de orixe, unha vez que transcorra o prazo de trinta días naturais contados a partir da realización do primeiro pagamento e no prazo máximo de noventa días desde o devandito primeiro pagamento. Para recibir este aboamento, o traballador deberá comparecer persoalmente na representación diplomática ou consular española no país de orixe para acreditar o seu retorno a este. Nese momento deberá proceder á entrega da tarxeta de identidade de estranxeiro da cal é titular.

O Servizo Público de Emprego Estatal procederá a realizar este pagamento a partir de que lle sexa comunicada a devandita comparecencia na representación diplomática ou consular pola Dirección Xeral de Asuntos e Asistencia Consulares do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación.

3. Unha vez producido o aboamento, nos termos previstos no punto anterior, a prestación contributiva por desemprego na modalidade de pagamento acumulado e anticipado:

a) Considerarase extinguida pola causa prevista no artigo 213.1.a) do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social.

b) Non se poderán obter os subsidios por esgotamento da devandita prestación, incluído o subsidio establecido no artigo 215.1.3 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social.

c) Non se poderá acceder ás prestacións e aos subsidios por desemprego nun período de, polo menos, tres anos contado a partir da data indicada no artigo 3.1.b).

Artigo 5. *Xestión e pagamento.*

1. Correspóndelle ao Servizo Público de Emprego Estatal a recepción de solicitudes, a tramitación, o recoñecemento e pagamento da prestación na modalidade a que se refire este real decreto, así como a declaración da extinción do dereito á devandita prestación pola causa sinalada no artigo 4.3.a).

Na solicitude de aboamento acumulado e anticipado da prestación contributiva por desemprego, que se formalizará no modelo oficial que se estableza, o traballador deberá adquirir os compromisos establecidos no Real decreto lei 4/2008, do 19 de setembro, así como acreditar a súa identidade e nacionalidade e indicar os datos necesarios para facer efectivo o pagamento da prestación, tanto en España coma no país de orixe. No referido modelo de solicitude deberase incluír a información necesaria para que o traballador sexa consciente dos compromisos que asume e das consecuencias que vaian derivar por se acoller á indicada modalidade de aboamento da prestación contributiva por desemprego.

Durante a tramitación da solicitude, suspenderase a exigencia do cumprimento das obrigas como beneficiario da prestación por desemprego.

2. O solicitante poderá desistir por escrito da súa solicitude, antes de que se lle notifique a resolución. En tal caso archivarase sen máis trámite e manterase o dereito á percepción ordinaria da prestación por desemprego.

3. Para determinar a contía do aboamento da prestación contributiva por desemprego, en forma acumulada e anticipada, aplicaranse as seguintes regras:

a) Se o devandito aboamento se solicita xunto co recoñecemento inicial ou reinicio da prestación contributiva por desemprego e esta se recoñece na devandita modalidade de pagamento, o importe que se vai aboar por esta prestación será equivalente ao importe total que corresponderá aboar considerando a contía e a duración da prestación recoñecida, desde a data do nacemento do dereito ou do seu reinicio ata o seu esgotamento.

b) Se o aboamento se solicita sendo perceptor da prestación por desemprego, cando queda pendente de percibir parte desta, o importe que se vai aboar será equivalente ao que corresponda á prestación pendente de percibir.

4. Non se admitirá a renuncia ao aboamento anticipado e de forma acumulada da prestación unha vez feito efectivo o primeiro pagamento a que se refire o artigo 4.2.a).

5. O Servizo Público de Emprego Estatal dará traslado das resolucións favorables das solicitudes de aboamento anticipado e acumulado da prestación contributiva por desemprego e a data do primeiro pagamento á Secretaría de Estado de Inmigración e Emigración, á Secretaría de Estado de Seguridade Social e á Secretaría de Estado de Cooperación Internacional, co fin de que se proceda a verificar o control do cumprimento dos compromisos adquiridos a que se refire o punto catro do artigo único do Real decreto lei 4/2008, do 19 de setembro, e este real decreto.

6. O pagamento anticipado e acumulado da prestación contributiva por desemprego efectuarase a través dos circuitos financeiros que teña habilitados a Tesouraría Xeral da Seguridade Social para o pagamento das prestacións en España e no estranxeiro.

O pagamento a que se refire o artigo 4.2.b) efectuarase no país de orixe mediante cheque nominativo ou a través de transferencia bancaria, en euros ou, de ser o caso, na moeda en que a Tesouraría Xeral da Seguridade Social efectúe o pagamento das prestacións no devandito país.

Artigo 6. *Efectos do recoñecemento do aboamento acumulado e de forma anticipada da prestación.*

1. Recoñecido o dereito ao aboamento anticipado e acumulado da prestación contributiva por desemprego, as autorizacións de residencia de que sexan titulares os beneficiarios daquelas quedarán extinguidas transcorridos trinta días naturais, contados a partir da data de realización do primeiro pagamento a que se refire o artigo 4.2.a), sen necesidade doutro procedemento administrativo.

2. De igual modo, non se poderán conceder autorizacións de residencia ou de residencia e traballo aos que fosen beneficiarios da modalidade de aboamento anticipado e acumulado da prestación contributiva por desemprego, regulada no Real decreto lei 4/2008, do 19 de setembro, mentres non transcorrese un período de tres anos desde a súa saída de España, nos termos previstos no artigo 3.1.b).

Artigo 7. *Obrigas dos solicitantes e beneficiarios.*

1. Será obriga dos solicitantes do aboamento anticipado e acumulado da prestación contributiva por desemprego, proporcionar a documentación e información que se requira para o recoñecemento e pagamento da prestación, e dos beneficiarios cumprir os compromisos adquiridos e as condicións establecidas para ser beneficiario da devandita modalidade de pagamento da prestación contributiva por desemprego, así como reintegrar, se for o caso, o importe das prestacións indebidamente percibidas.

2. Procederá o reintegro dos importes indebidamente percibidos nos seguintes casos:

a) Cando se obtivese a prestación falseando os requisitos requiridos para a súa obtención.

b) Cando se revogue o dereito á prestación por desemprego de nivel contributivo.

c) Cando se incumprisen os compromisos adquiridos e as condicións sinaladas no artigo único do Real decreto lei 4 /2008, do 19 de setembro, e neste real decreto.

3. As previsións anteriores enténdense sen prexuízo da aplicación, se é o caso, da Lei de infraccións e sancións na orde social aprobada no seu texto refundido polo Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto, e da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social.

Disposición adicional primeira. *Outras axudas e accións para facilitar o retorno voluntario.*

1. A percepción da prestación contributiva por desemprego de forma acumulada e anticipada nos termos e condicións previstas neste real decreto será compatible con outras axudas ou servizos que poida obter o traballador estranxeiro para facilitar o retorno voluntario del ou da súa familia ao seu país de orixe ou para facilitar a súa integración neste.

2. O Ministerio de Traballo e Inmigración, directamente ou a través doutras entidades ou organismos, públicos ou privados, prestará aos traballadores estranxeiros que desexen acollerse á modalidade de aboamento da prestación contributiva por desemprego que se regula neste real decreto, a información necesaria para que poidan adoptar voluntariamente a decisión de acollerse a ela.

Así mesmo, o Ministerio de Traballo e Inmigración, dentro das súas dispoñibilidades orzamentarias, poderá establecer axudas para facilitar o traslado voluntario dos traballadores estranxeiros que se acollan á indicada modalidade de pagamento da prestación contributiva por desemprego.

3. O Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, a través da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento, ou a través doutras entidades ou organismos, públicos ou privados, poderá prestar apoio aos traballadores estranxeiros, cuxo país de orixe estea considerado no Plan Director da Cooperación Española vixente, que se acollan á modalidade de pagamento da prestación contributiva por desemprego que se regula neste real decreto para facilitar a reintegración socioeconómica e favorecer iniciativas de emprego e desenvolvemento que de común acordo se impulsen e no marco dos programas, proxectos e actuacións da cooperación española no dito país.

4. Coa finalidade de propiciar a maior eficacia na xestión das axudas e accións a que se refiren os puntos anteriores, os ministerios de Asuntos Exteriores e de Cooperación e de Traballo e Inmigración, no ámbito das súas competencias, poderán subscribir acordos de colaboración con entidades e organismos públicos e privados.

Disposición adicional segunda. *Avaliación.*

O Goberno, anualmente, avaliará a efectividade das medidas desenvolvidas por este real decreto e, de ser o caso, realizará as adaptacións que resulten necesarias para garantir a súa eficacia.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do título competencial previsto nos artigos 149.1.2.^a e 149.1.17.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de inmigración, así como en materia de lexislación básica e réxime económico da Seguridade Social.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación normativa.*

Facúltanse os ministros de Asuntos Exteriores e de Cooperación, do Interior e de Traballo e Inmigración para dítar, no ámbito das súas competencias, as disposicións de carácter xeral que sexan precisas para o desenvolvemento e aplicación do previsto neste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 3 de novembro de 2008.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno
e ministra da Presidencia,

MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE, E MEDIO RURAL E MARIÑO

18211 *ORDE ARM/3219/2008, do 5 de novembro, pola que se modifica o anexo II do Real decreto 1127/2003, do 5 de setembro, polo que se desenvolve o Regulamento (CE) n.º 753/2002 da Comisión, do 29 de abril de 2002, que fixa determinadas disposicións de aplicación do Regulamento (CE) n.º 1493/1999 do Consello, no que respecta á designación, denominación, presentación e protección de determinados produtos vitivinícolas. («BOE» 273, do 12-11-2008.)*

O Regulamento (CE) número 1493/1999 do Consello, do 17 de maio de 1999, que establece a organización común do mercado vitivinícola, regula no capítulo II do seu título V, concretándose nos seus anexos VII e VIII, os aspectos básicos sobre a designación, denominación, presentación e protección de determinados produtos do dito sector.

Xunto con iso, o Regulamento (CE) número 479/2008 do Consello do 29 de abril de 2008, polo que se establece a organización común do mercado vitivinícola, se modifican os regulamentos (CE) número 1782/2003, (CE) número 1290/2005 e (CE) número 3/2008 e se derrogan os regulamentos (CEE) número 2392/86 e (CE) número 1493/1999, establece nos seus artigos 128 e 129 que se manteñen en aplicación as normas establecidas no título V do Regulamento (CE) número 1493/1999 sobre prácticas e tratamentos enolóxicos e designación, denominación, presentación e protección, ata o 1 de agosto de 2009.

De acordo co disposto polo Regulamento (CE) número 753/2002 da Comisión, do 29 de abril de 2002, que fixa determinadas disposicións de aplicación do Regulamento (CE) número 1493/1999 do Consello, do 17 de maio, no que respecta á designación, denominación, presentación e protección de determinados produtos vitivinícolas, moitas das referencias ás indicacións facultativas quedaron trasladadas á competencia dos respectivos Estados membros. Tal é o caso, por exemplo, das mencións relativas a unha cor particular, ao método de elaboración ou obtención do produto, ao nome da empresa, ao embotellamento, a unha unidade xeográfica maior ca a rexión determinada, ao embotellamento na rexión determinada, entre outras. Polo tanto, o emprego destas mencións facultativas por parte dos operadores dos distintos Estados membros queda condicionado a que se estableza unha regulación, por parte das administracións públicas dos Estados membros, e que esta se transmita á Comisión Europea para coñecemento xeral.

O Real decreto 1127/2003, do 5 de setembro, polo que se desenvolve o Regulamento (CE) 753/2002 da Comisión, do 29 de abril de 2002, que fixa determinadas disposicións de aplicación do Regulamento (CE) 1493/1999 do Consello, no que respecta á designación, denominación, presentación e protección de determinados produtos vitivinícolas, resulta, de acordo co seu contido, igualmente aplicable nesta regulación.

En aplicación dos artigos 13.1.c, 17 e 39.1.c do Regulamento (CE) número 753/2002 da Comisión, do 29 de abril, indícanse no anexo II do Real decreto 1127/2003, do 5 de setembro, as condicións de utilización dalgunhas mencións relativas a unha cor particular.

Recibiuse solicitude ao respecto para incluír no citado real decreto outras mencións relativas a unha cor particular.